



# **FELICIDARIO DE CORENTENA**

**EDLG do CPI Armando Cotarelo  
Valledor**

**MARZO - MAIO 2020**





**Día 1 (14 de marzo):** a felicidade é xogar e compartir momentos coa miña familia. Érika (1º de ESO)

**Día 2 (15 de marzo):** a felicidade é encontrarme sen querer con aquela música que tanto me gustara. Teresa (profesora de Música)

**Día 3 (16 de marzo):** a felicidade é axudarlle a miña avoa en cousas que ela non dá feito. Adrián (1º de ESO)

**Día 4 (17 de marzo):** a felicidade é atender os animais. Jorge (1º de ESO)

**Día 5 (18 de marzo):** a felicidade é facer larpeiradas consultando Internet. David (1º de ESO)

**Día 6 (19 de marzo):** a felicidade é poder levantarme cada día xunto a meus pais. Paloma (1º de ESO)

**Día 7 (20 de marzo):** a felicidade é cantar no balcón coas miñas curmás. Sabela (1º de ESO)



**Día 8 (21 de marzo):** a felicidade é somerxerme en cancións toda a tarde. Hugo (3º de ESO)

**Día 9 (22 de marzo):** a felicidade é o arrecendo do primeiro café da mañá. Rosario (profesora de Lingua castelá e Literatura)


**Día 10 (23 de marzo):** a felicidade é xogar co meu can. Noa (2º de ESO)

**Día 11 (24 de marzo):** a felicidade é ter tempo para facer de todo. Raquel (4º de ESO)

**Día 12 (25 de marzo):** a felicidade é levantarme tarde. Brenda (4º de ESO)

**Día 13 (26 de marzo):** a felicidade é estar máis tempo con meus pais. Iñaki (4º de ESO)

**Día 14 (27 de marzo):** a felicidade é pensar en que xa queda pouco. Sara González (4º de ESO)



**Día 15 (28 de marzo):** a felicidade é poder ter máis tempo libre. (Álex, 4º de ESO)

**Día 16 (29 de marzo):** a felicidade é estar a gusto. Alberto (4º de ESO)

**Día 17 (30 de marzo):** a felicidade é pasar máis tempo cos animais. Sara Aguión (4º de ESO)

**Día 18 (31 de marzo):** a felicidade é tomar o sol a media mañá. Esteban (profesor de Bioloxía e Xeoloxía)

**Día 19 (1 de abril):** a felicidade é valorar esas cousas que podiamos facer antes e agora non. Noelia (4º de ESO)

**Día 20 (2 de abril):** a felicidade é poder facer cousas coa miña familia na casa. José Luis (4º de ESO)

**Día 21 (3 de abril):** a felicidade é ter máis tempo para min e ler os libros que queira. Lucía (4º de ESO)



**Día 22 (4 de abril):** a felicidade é escoitar os contos dos maiores. Diego (3º de ESO)

**Día 23 (5 de abril):** a felicidade é a redución da contaminación durante o confinamento. Álex (1º de ESO)


**Día 24 (6 de abril):** a felicidade é saber que desde a tranquilidade da miña casa estou salvando moitas vidas. Carla (1º de ESO)

**Día 25 (7 de abril):** a felicidade é a media aritmética dun bo café, un libro estupendo e unhas poucas endorfinas. Chus (profesora de Matemáticas)

**Día 26 (8 de abril):** a felicidade é arrancar o corrusco do pan e comelo quente. Manuel (2º de ESO)

**Día 27 (9 de abril):** a felicidade é espertar e saír fóra ao xardín. Lucía (2º de ESO)

**Día 28 (10 de abril):** a felicidade é probar cousas novas. Sabela (4º de ESO)



**Día 29 (11 de abril):** a felicidade é ver series na tele.  
Cristian (1º de ESO)

**Día 30 (12 de abril):** a felicidade é ver novas películas.  
Sheila (4º de ESO)


**Día 31 (13 de abril):** a felicidade é ver as películas e series que tiña pendentes. Vanesa (4º de ESO)

**Día 32 (14 de abril):** a felicidade é facer videochamadas cos amigos. Mirian (3º de ESO)

**Día 33 (15 de abril):** a felicidade é lembrar os bos momentos. María (profesora de Francés)

**Día 34 (16 de abril):** a felicidade é xogar aos xogos de mesa con meus pais. Yéssica (2º de ESO)

**Día 35 (17 de abril):** a felicidade é ter un xardín ao que poder saír. Pablo (3º de ESO)



**Día 36 (18 de abril):** a felicidade é facer biscoitos. Uxía (2º de ESO)

**Día 37 (19 de abril):** a felicidade é plantar a miña primeira árbore na miña terra. Eugenia (4º de ESO)



**Día 38 (20 de abril):** a felicidade é poder pasar tempo cos meus avós. Lorena (4º de ESO)

**Día 39 (21 de abril):** a felicidade é ter unha finca na que poder correr ao aire libre. Carlos (1º de ESO)

**Día 40 (22 de abril):** a felicidade é coñecer xente cos meus intereses en liña. Alan (2º de ESO)

**Día 41 (23 de abril):** a felicidade é xogar ás cartas con meu avó. Yago (3º de ESO)

**Día 42 (24 de abril):** a felicidade é poder falar cos amigos e coa familia a través da pantalla. Aldara (3º de ESO)



**Día 43 (25 de abril):** a felicidade é cando escoito a miña avoa cantar cancións de antes. Isabel (3º de ESO)

**Día 44 (26 de abril):** a felicidade é comer un anaco de pan acabado de saír do forno. María José (profesora de Pedagogía Terapéutica)

**Día 45 (27 de abril):** a felicidade é poder vivir na aldea. Diego (2º de ESO)

**Día 46 (28 de abril):** a felicidade é xogar á Play cos meus amigos. Lucas (2º de ESO)

**Día 47 (29 de abril):** a felicidade é aprezo saír á rúa. Laura (1º de ESO)

**Día 48 (30 de abril):** a felicidade é poder sacar tempo para facer exercicio. Noelia (3º de ESO)

**Día 49 (1 de maio):** a felicidade é erguerse pola mañá e ver que saíu o sol. Lara (3º de ESO)






**Día 50 (2 de maio):** a felicidade é argallar con cores e intentar pintar algo bonito do que ves pola fiestra. Nuria (3º de ESO)

**Día 51 (3 de maio):** a felicidade é comezar cousas coas que nunca te atreviches. Alba (3º de ESO)

**DÍA 52 (4 DE MAIO): COMEZAMOS A DESESCALAR CARA Á NOVA NORMALIDADE...**





## **... E, MENTRES SALTAMOS DE FASE EN FASE, A FELICIDADE É...**

- Saír ao aire libre. Lois (4º de ESO)
- Saber que se todos poñemos o noso gran de area imos saír desta cos que máis queremos. Nerea (3 de ESO)
- Comer cando quero. Lucía (3º de ESO)
- Pasar a tarde xogando no xardín. Isabel (profesora de Xeografía e Historia)
- Saber que todos os meus seres queridos están ben. Natalia (3º de ESO)
- Poder andar na moto. Juan (4º de ESO)
- O videocafé das tardes dos venres con amigas. Carmen (Orientadora)
- Falar máis cos meus veciños. Raúl (3º de ESO)
- Facer manualidades con caixas de cartón. Mara (2º de ESO)



- escoitar cantar os paxariños cando te levantas pola mañá. Benita (profesora de Física e Química)
- Tocar a gaita. Ismael (2º de ESO)
- Aprender novas receitas de cociña e novos peiteados. Lara (2º de ESO)
- A calor do fogar e o tempo compartido cos meus. Belén (profesora de Lingua galega e Literatura)
- Ver os tractores pola ventá. Daniel (4º de ESO)
- Poder vivir sen reloxo. Alicia (mestra de Primaria)
- Saber que a xente obedece para acabar co virus. Daniel (3º de ESO)

**PORQUE DESTA VIVENCIA APRENDEMOS QUE A FELICIDADE QUE TANTO ARELAMOS VIVE AGOCHADA NAS PEQUENAS COUSAS.**

